

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 29 DE DECEMBRO DE 2016.

ASISTENTES:

Presidente:

Dna. María Jesús Novo Gómez

Concelleiros:

- D. Elisardo Montero Castro
- D. Rogelio Sueiro Castro
- D. Luís Rico Vereá
- D. Jesús Ángel Costoya Rúa
- D. José Luís Rivas Cruz
- Dna. Raquel Val Vázquez
- Dna. Ana Ledo Fernandez
- Dna. Sandra Sánchez Iñiguez
- D. José Balado Casal

Secretaria-Interventora:

Dna. Rebeca Vázquez Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 20:00 horas do día vinte e nove de decembro de dous mil dezaaseis, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia da alcaldesa Dna. María Jesús Novo Gómez.

Non asiste nin xustifica a súa ausencia o concelleiro D. Abelardo Seoane Vázquez
Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido a alcaldesa abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Coñecidas polos/as asistentes a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria do día 29/09/2016 e de 27/10/2016 e da sesión extraordinaria do día 30/11/2016, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta a Sra. Alcaldesa-presidenta se algún membro da corporación quere formular algunha observación ás mesmas. Non son formuladas observacións polo que o Pleno municipal por unanimidade con 10 votos a favor **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as actas do Pleno da Corporación da sesión ordinaria do 29/09/2016 e 27/10/2016 e da sesión extraordinaria de data 30/11/2016.

2.- DACIÓN DE CONTA DECRETOS

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas entre os días; 25/10/2016 a 26/12/2016, número 479 a 591

Pregunta a Alcaldía en aplicación do artigo 91.4 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro se algún membro desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañou á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Expón a Alcaldesa que o seu grupo ten unha moción sobre recoñecemento extraxudicial de crédito emerxencia social

“MOCIÓN URXENTE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO EMERXENCIA SOCIAL

Solicítase a aceptación da urxencia de tratamento e adopción deste acordo para aprobación de gastos pendentes referidas a subvención emerxencia social do exercicio 2015.

(Acéptase a urxencia por unanimidade con 10 votos a favor; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do membro non adscrito, dous das concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE e dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG)

Vistas as seguintes facturas:

Factura Blan-Gar S.L.U. con CIF B-15041684 por improte de 1529€ en concepto de fiestras para vivenda de Viviana del Camen Chavez.

Factura de Ramón Pampín Bango S.L. materiais de construción por importe de 1599,51€ en tella e material para reparación de tellado.

Así como vista xustificación de axudas de emerxencia social do exercicio 2015, con entrada 2999 en data 26/12/2016 e 2930 en data 16/12/2016 de Dna Asunción Felpete Vilariño (426,29€) e de Dna. M^a. del Camren Sande Castro por importe de 321,06€ por gastos en enerxía eléctrica.

Vista a ordenanza de emerxencia social do ano 2015 así como informe de reparo de secretaría de data de hoxe 29/12/2016 por tratarse de gastos de exercicios anteriores a imputar en partida 231.48000 deste exercicio orzamentario.

Visto o artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril que outorga competencia ó pleno municipal para o recoñecemento extraxudicial de créditos cando non exista dotación orzamentaria. Considerando que pola teoría do enriquecemento inxusto ou sen causa mantida xurisprudencialmente, pola que un empresario executou unha prestación a favor da Administración ten que cobrar o prezo da prestación aínda que non foran seguidos os procedementos legalmente establecidos xa que un defecto formal non pode implicar un prexuízo para o contratista e un enriquecemento sen causa para a Administración.

Visto o artigo 26.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril polo presente propono que o Pleno municipal ACORDE:

PRIMEIRO.- Levantar reparo da secretaria intervención de data 29/12/2016 en relación coas facturas e gastos xustificadas indicadas nos considerandos deste acordo.

SEGUNDO.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial das facturas e gastos indicados nos considerandos deste acordo autorizando, compromiso e recoñecendo obrigas con cargo á partida municipal de 2016 231.48000.

En Boimorto, 29 de decembro de 2016

A Alcaldesa:

Asdo.- Ma Jesús Novo Gómez”

Sen máis intervencións por unanimidade con 10 votos a favor (5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do membro non adscrito, dous das concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE e dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG) o Pleno **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Levantar reparo da secretaria intervención de data 29/12/2016 en relación coas facturas e gastos xustificadas indicadas nos considerandos deste acordo.

SEGUNDO.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial das facturas e gastos indicados nos considerandos deste acordo autorizando, compromiso e recoñecendo obrigas con cargo á partida municipal de 2016 231.48000.

3.- ROGOS E PREGUNTAS

A Alcaldesa dálle a palabra á concelleira D^a Ana Ledo voceira do grupo municipal do PSdG PSOE que fai os seguintes rogos e preguntas:

A) Solicita que se explique como foi o proceso selectivo do posto da Dirección da Residencia de Boimorto, queren explicación pormenorizada estando sorprendidos da falta de colapso previsto e que o final só participasen seis ou sete persoas.

B) Roga se remitan actas que faltan de xunta de goberno como a de novembro e que se explique que na de outubro só se aproba unha factura.

C) Roga a tramitación do orzamento municipal.

D) Pregunta á Alcaldesa que fai como representante do Concello nunha foto cun grupo de xente dunha reunión boicot en relación coa reunión a celebrar na Deputación Provincial para explicación do Plan único 2017.

E) Pregunta se pode funcionar a residencia sen un traballador social e sen un psicólogo adscrito exclusivamente ó servizo.

F) Pregunta onde están os ingresos previstos pola ampliación da Residencia.

G) Pregunta por quen atende ós usuarios do Centro social de maiores e pola afluencia diaria e mensual de dito centro.

H) Pregunta pola RPT prometida xa que non se fixo a estas alturas e tamén por que razón se fala de postos e descrición dos mesmos vinculados a persoas.

I) Pregunta por que razón chove no centro social de maiores.

J) Pregunta por que razón entran e saen traballadores do domicilio da Alcaldesa..

A Alcaldesa dálle a palabra ó concelleiro do BNG D. Xosé Luís Rivas Cruz que fai os seguintes rogos e preguntas:

A) Roga que se faga ordenanza de lodos e sinala que falta a tramitación de acordos plenarios de tema catastral.

B) Pregunta que pasou con Ramiro na Residencia.

C) Roga que non se fagan ese tipo de agasallos de Nadal criticando os mesmos.

D) Roga que se explique que agora no plan único de Deputación os cartos non se reparten con subvencións nominativas que se dan para todos non como o facía o anterior goberno da deputación.

E) Roga formalmente reunión dos portavoces dos grupos municipais para falar da RPT.

F) Roga reunión da Residencia para saber como van os cambios se hai un novo plan, contas.

G) Roga unha sinalización correcta do camiño de Santiago e pregunta que pasou con dúas bicicletas que se puxeron alí.

Intervén Alcaldía para dicir que pensou que as retirara .

H) Roga que os restos vexetais folla que se recolle vaian para compostoiro ou esterco no refuxio de Sendelle non para Sogama. A Alcaldesa di que van para Mota.

I) O concelleiro oferta castiñeiros da súa parcela enxertados para que se planten en masas comúns de Brates castiñeiros de castaña non de madeira . Intervén a Alcaldesa para sinalar que hai unha parcela en Dormeá na que poderían facerse ditas plantacións .

Dí o concelleiro D. Xosé Luís Rivas que debería facerse antes de febreiro que trátase de plantar en ocas baleiros castiñeiros enxertados de castaña e non de madeira, planificando para o futuro

e evitando que castiñeiros de castaña galegos non sexan plantados fora do país e despois se venda castaña galega dende fora.

J) Pregunta se hai algunha actuación en Paredes di que e necesario encauzar augas, roga que se fale con veciños antes de facer cousas.

K) Pregunta se foron presentadas contas do Festival de fai dous anos. Xa resposta Alcaldesa que non.

O concelleiro do BNG critica que agora danse cartos e faise un fraude con Boimorto que él vai explicar ós veciños enganados.

L) Pregunta polos orzamentos deste ano e pola falta de discusión en conxunto dos mesmos.

Resposta a Alcaldesa que hai un retraso na presentación dos orzamentos que en parte ven da falta de previsión do Plan único do que non tivo coñecemento exacto ata mediados do mes de decembro, continúa sinalando que houbo máis anos nos que o orzamento non foi elevado ó Pleno ata o mes de xaneiro.

LL) O concelleiro do BNG D. Xosé Luís Rivas pregunta se van dar cobertura o posto de normalización lingüística. Di a Alcaldesa que non xa que non hai cartos suficientes nin con subvencións para facer fronte o custe dun/ha licenciado/a para dito posto, pagando e que ten que cobrar.

O concelleiro do BNG critica que agora o PP coa súa política en materia laboral este a preocuparse do tema salarial dos traballadores .

A Alcaldesa defende que e difícil sacar a RPT por como herdou a situación do persoal, sinalando os problemas para solucionar esta situación.

O concelleiro reclama que se fale cos traballadores.

A Alcaldesa defende o diálogo que ten con sindicatos e dí que non se elevará ó Pleno a RPT ata chegar a acordos.

Discuten Alcaldía e o concelleiro sobre a situación do persoal e dita RPT.

A Alcaldesa di que empezará pagando trienios que non se cobraban por persoal laboral temporal.

Entra na discusión sobre o que se fixo ou non en materia de persoal a concelleira do PSdG-PSOE D^a Ana Ledo.

O concelleiro do BNG roga unha reunión previa para RPT.

M) O concelleiro do BNG D. Xosé Luís Rivas reclama medidas, actuacións fronte a baixada da poboación e previsión de terreos para desenvolvemento industrial promoción. A Alcaldesa resposta que antes deles non se deron solucións á perda de poboación. Resposta o concelleiro do BNG criticando o que se herdou e recordando todo o que se fixo en Boimorto non limitándose ás traídas de auga.

Entablan os concelleiros discusión sobre as previsións do Plan xeral de ordenación municipal.

N) Pregunta o concelleiro do BNG que van facer co ofrecemento da fundación Amigos de Galicia roga que se informen.

A continuación toma a palabra á Alcaldesa para responder as preguntas e rogos e sinala:

Que valorarase as posibilidades de elaboración de ordenanza de lodos e atención a mocións de catastro no momento en que poida secretaría.

En relación ó usuario da residencia polo que preguntou o concelleiro (Ramiro) e o que pasou con él resposta a Alcaldesa que insultou e iso non se permite polo regulamento que están valorando que facer.

Sobre o proceso selectivo da Dirección da Residencia a Alcaldesa di que ela non participou, solicitando a concelleira do PSdG PSOE que conste en acta. Pasa a palabra a Alcaldesa a esta Secretaria para que informe sobre dito proceso selectivo, expoñendo esta Secretaría que respetou as bases de selección, que algún aspirante non se presentou, que presentáronse 6 ou 7 estando o expediente para consultar na secretaría coas motivacións das valoracións puntuacións outorgadas, sen que conste a data de hoxe reclamacións nin recursos dando fe que non houbo participación nas sesións da comisión seleccionadora da alcaldía, sendo que o remate da última

sesión chamouse a Alcaldía para que soubese resultado e o xusto da puntuación acadada pola proposta para o posto.

Intervén a concelleira do PSdG-PSOE para poñer en dúbida as valoracións e o hilar tan fino nas mesmas. O concelleiro do BNG sinala que de ser así debería terse reconsiderado o proceso selectivo.

Resposta a Secretaría que considera que a Comisión e o seu Presidente actuaron conforme as bases.

Continúa Alcaldía coas respostas sinalando que falta acta de xunta de goberno de novembro que repartirase e que a aprobación dunha soa factura nunha acta ven de problemas en contabilidade xa que a técnica non daba por razóns persoais ter rexistradas e preparadas máis.

Di a Alcaldesa que a súa asistencia a unha reunión na mesma data da reunión en Deputación polo Plan único ven de que o concello de Boimorto perde 80.202,32€ en relación co ano anterior.

Os grupos municipais do BNG, e do PSdG-PSOE critican que non compare con outros anos e non mencione as subvencións nominativas do PP que antes se obtiñan e agora non por tratarse a tódolos concellos igual.

En relación a adscrición de traballadora social e psicóloga á Residencia di Alcaldía que a traballadora social vai a esta residencia igual que na de Andabao, que é un fogar de ditos residentes e pode actuar nela. En relación á psicóloga e recordando que non tivo Directora a residencia dende o 2012, di que consultada a Deputación que subvenciona este posto de traballo permitía que 17 horas puidesen destinarse ó servizo da residencia..

Sobre o centro social de maiores sinala a Alcaldesa que ten unha persoa subvencionada alí para atendelos que pode so faltar cando chega César para as súas actividades.

A concelleira do PSdG-PSOE D^a Ana Ledo pide que conste en acta que está só para poñer café e non toda a mañá.

Pregunta a Alcaldesa onde irá o resto do tempo se a súa orde foi estar alí.

Sobre os ingresos da ampliación da residencia di a Alcaldesa que non os hai xa que non houbo ampliación.

En relación á afluencia ó Centro social de maiores contesta Alcaldía que van entre 20 e 25 persoas diariamente.

En relación á constancia de nomes na RPT sinala Alcaldía que unha vez están os postos definidos adscribírase o persoal en plantilla.

Sobre que chove no centro de día resposta Alcaldía que fixeron dous selados en claraboia.

En relación a entradas e saídas do seu domicilio de persoal do Concello, resposta a Alcaldesa que ela vive en Boimorto e ten amizade con persoal do Concello antes de ser concelleira xente que forma parte da súa familia e que entrará e sairá do seu domicilio cando ela queira como se lle da as chaves, sendo cousas de fora do horario laboral .

A Alcaldesa dálle o turno de palabra á concelleira do BNG D^a Raquel Val Vázquez que pregunta se hai bolsa de traballo para enfermeiras e persoal xeriátrico na Residencia.

Continúa preguntando sobre cobertura de vacacións do persoal da Residencia poñendo por exemplo á condutora.

Roga que non escasee o material funxible no centro (gasas etc..)

Pregunta como está actualmente o convenio coa farmacia de Boimorto.

Roga información sobre a praza do xulgado de paz.

Pregunta se van celebrar Cantares de Reis e cantas cuadrillas hai.

Roga a reposición de asfalto no campo da feira.

Roga que non haxa farolas dunha cor branca e outras diferentes para outros veciños.

Sobre o alumado de Nadal roga que se teña en conta a súa colocación en sitios que molesta .
Di que veu no boletín que se manda polas casas a celebración dun curso de fitosanitarios en Arzúa pregunta por que razón no se fixo en Boimorto.

Roga amaño cabina na ruta da Gabia dos Anxeles xunto capela da Asunción.

Resposta a Alcaldesa:

Sobre o curso de fitosanitarios que viñeron empresas e non conseguiron suficiente xente aquí.

Sobre o alumado de Nadal que é cuestión de gustos.

En relación a diferentes alumados públicos que responden a substitucións por bombillas led que dan outra cor na luz e se van cambiando pouco a pouco coas subvencións de aforro enerxético.

Pregunta a concelleira do BNG baixo que criterio.

Resposta a Alcaldesa que por antigüidade.

Di a Alcaldesa que non van celebrar Cantares de Reis.

Continúa sinalando que no xulgado de paz sigue Quintela.

Expón a Alcaldesa que teñen problemas co subministro da farmacia de Boimorto e a súa falta de disposición para facturar domiciliando os recibos, que falan xa coas familias dos residentes e intentarán o subministro con outra farmacia.

Sobre o material funxible expón a Alcaldesa que atende as necesidades do centro segundo solicitan material e tendo en conta a dispoñibilidade orzamentaria.

En relación as vacacións do persoal da residencia afirma que se cubren ditas vacacións en concreto a condutora foi substituída por outra auxiliar do centro.

Finalmente o concelleiro do BNG D. Xosé Luís Rivas pregunta como está a demanda por perda de subvención contra o Inega .

A Alcaldesa dálle a palabra á Secretaría que di que inda pendente de resolución xudicial.

Critica o concelleiro a falta de goberno amigo.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 21:00 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da alcaldesa-presidenta e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
A ALCALDESA,

A SECRETARIA,

Asdo.- María Jesús Novo Gómez